

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 1R. Le o seguinte texto e localiza nel frases e oracións.

- Cecilia! Era evidente a súa sorpresa. A miña nai adiantouse presentándose.  
—Boas tardes. Son a nai de Cecilia. A nena xa me contou que se coñeceron no ascensor.  
Pretendía ser amable, e eu lin na cara de Olga desconcerto.  
—Así foi. Deulle a carta para o seu home?  
—Si, si... Moitas grazas... Cecilia díxome tamén que a invitou a subir un anaco. Olga gargarexeou incómoda:  
—Pois si, pode quedar... Vivo soa, vaia, con Farol. E vendo que a miña nai puña cara de interrogación engadiu:  
—O meu can.  
—Ah!  
—Apetécelle pasar a vostede? Precisamente estaba a prepararme un café...

An ALFAYA

**Frases:** Cecilia!, Boas tardes, Si, si... Moitas grazas. ... O meu can, Ah!

**Oracións:** Resposta libre. (Todas as que non son frases)

#### 2R. Nos seguintes titulares, subliña de azul o suxeito e rodea o seu núcleo. Así mesmo, subliña de vermello o predicado e rodea o seu núcleo.

- Alumnos de moitos lugares visitan Celanova no centenario de Celso E. Ferreiro.
- Empresarias da provincia colaboran na recollida de roupa usada.
- Abren en Xinzo unha aula de graduado.

**Suxeitos:** Alumnos de moitos lugares, Empresarias da provincia, Eles (SE).

**Predicados:** visitan Celanova no centenario de Celso E. Ferreiro, colaboran na recollida de roupa usada, Abren en Xinzo unha aula de graduado.

#### 3R. Escribe o que se solicita. **Resposta libre.**

- Unha oración na que o núcleo do suxeito sexa «sofá».
- Unha oración con suxeito elíptico e «correron» sexa o núcleo do predicado.
- Unha oración co suxeito ao final.
- Unha oración na que o núcleo do predicado sexa «arranxou».

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 1R. Completa.

- As palabras **monosémicas** son as que teñen un só significado.
- As palabras **polisémicas** son as que teñen varios significados.

#### 2R. Escribe unha frase con cada un dos significados de navegar. **Resposta libre.**

#### 1A. Explica a razón pola cal levan acento gráfico as palabras **curmá, moscón, inglés e sofá.**

Curmá: aguda rematada en vogal; Moscón: aguda rematada en –n; Traballar: aguda rematada nunha consoante distinta de –n ou –s; Ordenador: aguda rematada nunha consoante distinta de –n ou –s; Feliz: aguda rematada nunha consoante distinta de –n ou –s; Inglés: aguda rematada en –s; Fatal: aguda rematada nunha consoante distinta de –n ou –s; Señor: aguda rematada nunha consoante distinta de –n ou –s; Compás: aguda rematada en –s; Sofá: aguda rematada en vogal.

<b>Nome:</b> _____ <b>Curso:</b> ___ <b>Data:</b> _____
---

**Expresión escrita****1R. Le o seguinte texto.**

Todas as tardes Tomé xogaba con cinco amigos do bar á brisca. Un xogo de cartas no que era un ás. Xosé era o encargado de repartir tres cartas a cada un dos xogadores e elixir a carta que serviría para dicir que pau da baralla sería o gañador: ouros, copas, bastos ou espadas. Unha vez repartida a primeira man de cartas, un dos xogadores iniciaba a partida poñendo un naipe sobre a mesa para que os demais trataran de obtela. Para iso tiñan que botar unha carta de valor superior ou do pau gañador. O xogo continuaba ata que non quedaba ningunha carta por repartir. Á hora de coñecer o vencedor contando os puntos obtidos: número de cartas do pau gañador e puntos obtidos por ter un rei, catro puntos; un cabalo, tres puntos; unha sota, dous puntos; un tres, dez puntos e un ás doce puntos. Tomé sempre superaba en puntos aos seus compañeiros.

**2R. Agora, contesta estas preguntas.**

- Cantos xogadores poden xogar á brisca? **Seis xogadores.**
- Cantos naipes se reparten en cada man? **Tres naipes.**
- Como se empeza o xogo? **Un xogador pon unha carta sobre a mesa.**
- Como se conseguen as cartas? **Botando unha carta de numeración superior ou do pau gañador.**
- Cando remata o xogo? **Cando xa non queda ningunha carta por repartir.**
- Quen gaña? **O que ten máis puntos.**
- Que cartas dan puntos? **Rei, catro puntos; un cabalo, tres puntos; unha sota, dous puntos; un tres, dez puntos e un ás doce puntos. Ademais do número de cartas do pau gañador.**

**3R. Escribe ti agora as normas dun xogo que coñezas.**

**Resposta libre.**

<b>Nome:</b> _____ <b>Curso:</b> ___ <b>Data:</b> _____
---

**Literatura****1A. Le os seguintes textos e contesta.**

A metade do verán pasou a tal velocidade que cando me decatei, as nosas cousas xa estaban no camiión da mudanza e nosoutros collendo a estrada camiño do noso destino.

Había un mes marcharan o tío Zalo e a tía Carme, e acababamos de deixar a avoa chorando no ombro da tía Oliva e a tía Oliva chorando no ombro de Xosé María.

A. YÁÑEZ CASAL

Na beira dun río  
de augas tan claras,  
tan frescas, tan puras  
de cor prateadas...

atopei un niño  
entre unha silveira.

Piando de fame  
catro paxariños;

Na beira dun río  
pola Primavera

piando de fame  
quentiños no niños.

Catro paxariños  
de boca rachada.  
catro paxariños  
de pruma dourada.

Sebastián PAZ

- Cal é un texto escrito en prosa?

O primeiro.

- E cal é un texto escrito en verso?

O segundo.

- Por que?

En prosa porque está escrito ata final de liña.

En verso porque está escrito en liñas curtas e ten un ritmo e unha sonoridade especiais.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

**Técnicas de estudo**

**1R. Que fas cando os teus amigos ou a familia falan todos á vez? Enténdelos?**

Resposta libre.